



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO

7 de Marzo de 2024

Lugar

SALON DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:48

Hora de Finalización

09:58

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS :

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 22.01.2024 (ACTA 1/2024)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes, asistentes á sesión de referencia.

2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 14.12.2023.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **extraordinaria** do Pleno de data **14 de decembro de 2023**, de acordo có seguinte:

ACTA 2023-21. Xunta de Goberno Local do **13 de decembro de 2023:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28.11.2023 (Acta 2023/20)
- 2º. Proxecto da obra chamada "Pavimentación de Rúa A Fonte, en Nocedo do Val" obra de subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense, acordos que procedan.
- 3º. Exencións, bonificacións, devolucións de ingresos indebidos e reclamacións varias a tributos municipais.
- 4º. Actualización do padrón da taxa polo servizo de recollida de lixo para 2024.

ACTA 2024-1. Xunta de Goberno Local do **16 de xaneiro de 2024:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 13.12.2023 (Acta 2023/21)
- 2º. Aprobación dos padróns do terceiro cadrimestre do 2023: da taxa de abastecemento domiciliario de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia.
- 3º. Resolución do 11 de decembro do 2023 pola que se aproban as baes reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024 (MT402B)
- 4º. Solicitude de adhesión ao PPlan Provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

ACTA 2024-2. Xunta de Goberno Local do 1 de febreiro de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 16.01.2024 (Acta 2024/1)
- 2º. Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (TR351G)
- 3º. Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (TR351F)
- 4º. Orde do 27 de decembro de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para o ano 2024 (PR486A)

ACTA 2024-3. Xunta de Goberno Local do 22 de febreiro de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 01.02.2024 (Acta 2024/2)
- 2º. Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan as bases e se regulan as subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024 (PR483A, B, C, D)
- 3º. Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado có Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 (MR701E)

ACTA 2024-4. Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 22.02.2024 (Acta 2024/3)
- 2º. Resolución do 26 de decembro de 2023 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións desstinaadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, en 2024 (AU301D)
- 3º. Resolución do 29 de decembro de 2023 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga, en 2024 (AU301E)
- 4º. Resolución do 15 de febreiro de 2024 da Axencia de Galega de Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas en 2024 (TU503D)
- 5º. Orde do 07.02.2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación local destinado aos concellos de





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Galicia con poboación inferior aos 15.000 habitantes, para o ano 2024 (PR468B)

Os presentes quedan enterados.

3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 14.12.2023.

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas desde a sesión **extraordinaria** do Pleno de data **14 de decembro de 2023**, de acordo có seguinte:

199. CONVOCATORIA EXAME OPOSICION PROCESO SELECTIVO PROMOCION INTERNA, de data 14/12/2023.
200. EXPEDICION TARXETA DE ESTACIONAMENTO POR MINUSVALÍA, de data 14/12/2023.
201. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 14/12/2023.
202. EXENCION IVTM VEHICULO ANTONIO PEREZ BLANCO, de data 15/12/2023.
203. APROBACION PAGO FACTURAS E NOMINAS EXTRAORDINARIAS, de data 15/12/2023.
204. APROBACION EXPEDIENTE E INVITACIONES CONTRATO MENOR, de data 15/12/2023.
205. DECLARACION RUINA INMINENTE EN FONTEFRÍA, de data 18/12/2023.
206. ADXUDICACION CONTRATO PAVIMENTACION RÚAS, de data 19/12/2023.
207. NOMEAMENTO FUNCIONARIA, de data 21/12/2023.
208. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 22/12/2023.
209. APROBACION EXPEDIENTE E INVITACIONES CONTRATO MENOR, de data 22/12/2023.
210. APROBACION EXPEDIENTE E INVITACIONES CONTRATO MENOR, de data 22/12/2023.
211. ADXUDICACION CONTRATO REPARACION VIAL EN SANGUÑEDO, de data 26/12/2023.
212. BONIFICACION IVTM VEHICULO ISABEL PEREZ PRIETO, de data 26/12/2023.
213. ADXUDICACION CONTRATO FOSA SEPTICA EN PIORNEDO, de data 29/12/2023.
214. ADXUDICACION CONTRATO FOSA SEPTICA EN RIBAS, de data 29/12/2023.
215. APROBACION NOMINAS MES DECEMBRO E DEVOLUCION INGRESOS INDEBIDOS, de data 29/12/2023.
216. EXENCION IVTM VEHICULO JOSE MANUEL ROMAN FERNANDEZ, de data 29/12/2023.
217. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/12/2023.
218. ADXUDICACION CONTRATO BOCAS DE REGO EN PIORNEDO, de data 29/12/2023.
1. APROBACION ASISTENCIAS 2º SEMESTRE 2023 CONCELLEIROS, de data 03/01/2024.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

2. BONIFICACION IVTM VEHICULO GERARDO MANSO RODRIGUEZ, de data 08/01/2024.
3. ALTA PADRON HABITANTES, de data 10/01/2024.
4. RECOÑECEMENTO TRIENIO A AEDL, de data 15/01/2024.
5. ALTA PADRON HABITANTES, de data 16/01/2024.
6. ALTA PADRON HABITANTES, de data 18/01/2024.
7. APROBACION PAGO DE FACTURAS, de data 19/01/2024.
8. ALTA PADRON HABITANTES, de data 23/01/2024.
9. APROBACION NOMINAS MES XANEIRO, de data 01/02/2024.
10. APROBACION PAGO DE FACTURAS, de data 06/02/2024.
11. APROBACION LIQUIDACION DO ORZAMENTO 2023, de data 08/02/2024.
12. ADHESION CONVENIO COA FEGAMP DA VESPA VELUTINA, de data 09/02/2024.
13. ALTA PADRON HABITANTES, de data 12/02/2024.
14. APROBACION PAGO DE FACTURAS, de data 15/02/2024.
15. APROBACION PAGO DE NOMINAS E FINIQUITOS APROL RURAL, de data 19/02/2024.
16. ALTA PADRON HABITANTES, de data 19/02/2024.
17. ALTA PADRON HABITANTES, de data 21/02/2024.
18. APROBACION BASES SELECCION PEON SERVIZOS XERAIS, de data 23/02/2024.
19. ALTA PADRON HABITANTES, de data 23/02/2024.
20. ALTA PADRON HABITANTES, de data 28/02/2024.
21. APROBACION NOMINAS FEBREIRO E ATRASOS, de data 29/02/2024.

Os presentes quedan enterados.

4º. DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DE 2023.

Acto seguido, en base no disposto no artigo 193.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, dase conta aos asistentes dunha **resolución** da Presidencia, de data **8 de febreiro do 2024**, pola que se aproba a liquidación do orzamento municipal do exercicio do exercicio **2023**.

Os presentes quedan enterados da mesma.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Ningún concelleiro ou grupo fai uso desta facultade.

A Sra.Manso Rodríguez (**PP**) manifesta que o Grupo Municipal Popular de Castrelo do Val quere ler un pequeno texto con motivo da celebración no día de mañá do día internacional da Muller.

O Sr. alcalde está conforme coa lectura que se propón, tralo que a Sra.Manso Rodríguez (**PP**) diu lectura á seguinte declaración:

DIA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO DE 2024

"DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO 2024.

O Día Internacional da Muller é unha data que se conmemora en moitos países do mundo. Mulleres de todos os continentes con diferencias lingüísticas, culturais, económicas e políticas unímonos neste día en favor da igualdade e do progreso social.

Non é un día festivo, é un día para reflexionar sobre os avances da muller ao longo da historia e despertar consciencias.

É moita a mellora que xa acadamos neste ámbito en Europa e en España, e debemos sentirnos orgullosos pero non podemos deixar de traballar polos dereitos das mulleres. Este ano o tema de Nacións Unidas é "Investir nas mulleres", que nos recorda que para acabar coas desigualdades e acelerar o progreso fai falta diñeiro. As sociedades que invirten en políticas e programas que responden ás necesidades das mulleres e das nenas son sociedades máis xustas, pacíficas e prósperas

Unha sociedade que non ten en conta á muller, é unha sociedade empobrecida. Sabemos que cada inversión destinada a formación ou integración da muller se multiplica, porque alcanza á familia, veciños e sociedade en xeral. Estamos nun dos mellores países do mundo para ser muller, nesta corporación municipal somos tres mulleres e representamos o 43% do total de membros.

Con todo, non podemos pensar que todo está feito, desde as institucións temos a obriga de colaborar e fomentar a igualdade de oportunidades e dereitos.

Como muller e desde o noso Grupo Municipal queremos expresar con esta Declaración que ser un Concello pequeno, onde por poboación estamos condicionados para facer actos ou actividades, non nos impide sensibilizarnos con esta causa.

En Castrelo do Val a 7 de marzo de 2024"





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

5º. ROGOS E PREGUNTAS.

Formuláronse os seguintes:

Do Sr. Fernández Parada (**PP**):

- Sr. Alcalde: Subindo desde Servoi, hai varias sinais de madeira tiradas en Piornedo, fará xa máis de tres meses.

O Alcalde queda enterado.

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**):

- Sr. Alcalde: O certo é que hai máis así. A de Fontefría, está tamén medio caída. Estas sinais de madeira ¿non se poderían cambiar por outras metálicas?

O Alcalde respostou que estas sinais de madeira colocáronse cunha axuda dun Programa Leader hai bastantes anos. Que este ano pediuse a Turismo unha subvención específica precisamente para este tipo de sinalizacións, pero é case seguro que non entremos nas axudas. Queda non obstante enterado.

Rematada a sesión, o Sr. alcalde explicou aos presentes que por parte da Oficina do Censo Electoral de Ourense councouse oficialmente, que ao baixar claramente de 200 electores a "Mesa C" non queda outra alternativa que unha reorganización das mesas electorais do municipio.

Explica así como a "Mesa C" debería ser reubicada, polo que podería trasladarse ao núcleo de Fontefría, pero alí nin hai local nin espazo para aparcamento; polo que parece máis conveniente reubicala en Vilar, onde hai un local social e espazo de aparcamento.

Os presentes quedan enterados desta información.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

